

RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DO PLAN DE RECOÑECEMENTO DA DOCENCIA EN GALEGO PARA O CURSO 2024/25

O Consello de Goberno na súa sesión de 29 de abril de 2021, acordou aprobar o Plan de Recoñecemento da Docencia en Galego, no que se recolle, como unha das medidas da Universidade de Vigo para avanzar na normalización do uso do galego e para contribuír a que o estudantado desenvolva unha porcentaxe axeitada das aulas na lingua oficial da universidade, unha convocatoria dirixida ao profesorado na que se lle recoñeza no POD o uso do galego na súa actividade docente, partindo da premisa de que este é o responsable de decidir en que lingua se desenvolve a meirande parte da docencia.

Así, como medida inicial de incentivación do uso da lingua galega establécese un recoñecemento en POD do 10% da docencia efectiva desenvolvida nesta lingua no curso 2024/25 que xerará unha bolsa a empregar nese curso e nos dous cursos seguintes.

Consideraranse unicamente aquelas materias nas que o profesor ou profesora ten a opción de desenvolver a súa docencia en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Este recoñecemento se articulará do seguinte xeito:

1.- A duración da edición do plan que se convoca mediante a presente convocatoria será de 3 anos. O profesorado que participe comprométese ao cumprimento das condicións de participación durante o primeiro curso e os dous seguintes.

2.- O profesorado que se comprometa a participar xerará unha bolsa de horas de incentivo equivalentes ao 10% da súa docencia impartida en galego no 2024/25. Esta bolsa poderá ser empregada do seguinte xeito: no curso 2024/25 ata un máximo do 2% da docencia impartida nese curso, no curso 2025/26 o 4% da docencia impartida no curso 2024/25 e no curso 2026/27 o 4% da docencia impartida no curso 2024/25.

3.- O profesorado participante poderá acumular as horas non empregadas da súa bolsa de incentivos para os seguintes cursos contemplados no plan (2025/26 ou 2026/27) sen que en ningún caso poida acumular máis dun 10% nun mesmo curso académico.

A presente edición do plan terá un teito de 3500 horas de recoñecemento. No caso de que as solicitudes superen este teito, realizarase o axuste correspondente limitando o número máximo de recoñecementos por PDI.

A verificación do cumprimento por parte do profesorado participante realizarase a través dun informe normalizado ao finalizar o curso por parte de cada profesor e profesora. Asemade, establécese a posibilidade de empregar outros mecanismos para a verificación do uso efectivo da lingua galega na docencia a través de enquisas específicas para este fin entre o alumnado, revisión do material xerado ex-novo nese curso polo profesorado participante no plan en Moovi, etc.

O incumprimento do compromiso por parte do profesorado suporá a súa exclusión do plan, a perda do dereito aos incentivos aínda non empregados e á diminución nas súas desgravacións docentes futuras para compensar aqueles incentivos xa empregados.

Por todo isto, esta REITORÍA RESOLVE,

- 1) Aprobar a convocatoria do Plan de Recoñecemento da Docencia en galego correspondente aos cursos 2024/25, 2025/26 e 2026/27, con teito de recoñecementos docentes de 3.500 horas.
- 2) Establecer un prazo ata o **mércores, día 13 de decembro de 2023** ás 14:00 horas para o PDI da Universidade de Vigo que o estimen oportuno e cumpra os requisitos correspondentes, solicite a súa participación na convocatoria indicada no punto anterior, mediante o impreso que se achega como anexo I.



A solicitude de participación presentárase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, e co asunto "**Convocatoria Plan Recoñecemento Galego na Docencia 2023/24**", sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá acompañarse do formulario correspondente (Anexo I)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 20/04/2023

A Vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica,

Patricia Valcárcel Fernández

